



 **ceesg**
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981938274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

FORO 2010

Definición de Foro:

1. *Reunión pública en que se debaten asuntos que teñen importancia cultural ou social ante un público que pode intervir na discusión.*
2. *Lugar onde se celebra esa reunión.*

O Ceesg forma parte do Subcomité Galego do Foro 2010, desde a súa creación, o 28 de maio de 2009. Esta iniciativa, promovida orixinalmente polo Seminario Galego de Educación para a Paz e a Fundación Cultura de Paz, acolle a numerosas entidades e organizacións da sociedade civil, especializadas na educación e a investigación para a paz, e tamén outros organismos públicos e privados que cren na necesidade de tratar este tema desde unha visión común onde afondar na Educación, Investigación e Cultura de Paz, que é o nome que leva o Foro Mundial da Educación, un dos eventos do propio Foro 2010.

O Foro 2010 é un gran contedor de eventos e actividades a nivel mundial que xiran ao redor da Cultura da Paz e terá lugar entre o 3 e o 30 de decembro de 2010. As actividades a desenvolver serán as seguintes:

1. Acto inaugural do Foro 2010 en Santiago de Compostela. Día 3 de decembro de 2010.
2. Xuntanza de Membros do Grupo de Alto Nivel de Nacións Unidas para a Alianza de Civilizacións e do Decenio da Cultura da Paz e a Non Violencia para tódolos nenos e nenas do mundo, 2001-2010. Do 4 ao 6 de decembro de 2010.
3. Congreso Internacional sobre Información e Dereitos Humanos. Do 7 ao 8 de decembro de 2010.
4. Congreso Internacional sobre o Dereito Humano á Paz. Do 9 ao 10 de decembro de 2010.
5. Foro Mundial de Educación Temático sobre "Educación, Investigación e Cultura de Paz", do 10 ó 13 de decembro de 2010. Actividades autoxestionadas.
6. Congreso Internacional sobre Memoria da Guerra, Reconciliación e Cultura de Paz. Do 14 ao 15 de decembro de 2010.
7. Actividades artísticas e culturais paralelas (Pintura, fotoxornalismo, cinema, banda deseñada, videoxogos, literatura e música). Do 3 ao 30 de decembro de 2010.

Poñémolo no voso coñecemento porque está aberto o prazo para inscribirse e para propondor actividades autoxestionadas no Foro Mundial da Educación; este último

prazo remata o **30 de xuño de 2010**.

O Foro Mundial de Educación (FME) preséntase en Europa como unha realidade e posibilidade na construción de redes que incorporan a persoas, organizacións e movementos sociais e culturais locais, rexionais, nacionais, estatais e mundiais que proclaman que a educación pública –para todas e todos– é un dereito inalienable, garantido e financiado polo Estado e nunca reducido a unha simple mercadería, na perspectiva dunha sociedade solidaria, democrática e xusta.

O FME representa hoxe, polo tanto, o sentir de millóns de persoas atraídas pola idea de articulamento, intercambio e democratización de saberes e experiencias, para construír espazos para a creación colectiva, nunha plataforma internacional, aberta e plural, en defensa dos elementos axiais da educación, como son o seu carácter público, de balde, laico, obrigatorio, de calidade, e que promova unha cultura de paz, aspectos que pensamos deben ser soporte fundamental dos Estados verdadeiramente democráticos. Aspectos que tamén valoramos e defendemos desde o Ceesg, polo que non podía ser doutra maneira, na organización estamos e tamén estaremos no desenvolvemento de todo o Foro 2010.

Están programadas tamén unha chea de actividades culturais e artísticas, pero séguese requirindo de persoas que colaboren na organización así como adhesións individuais ou colectivas, para chegar a facer historia con este evento, no ano en que se cumpren dez anos dos Obxectivos do Milenio, remata o Decenio da Cultura de Paz das Nacións Unidas e cúmprense dez anos do primeiro Foro Social Mundial de Porto Alegre (Brasil).

Son moitos os motivos polos que participamos do mesmo, e son moitas as posibilidades que tamén lle atopamos a estar presentes, pois favorece o intercambio de experiencias e podemos coñecernos nun ámbito (o da Cultura de Paz) de traballo da educación social. Por iso vos convidamos a que revisedes a web do foro (foro2010.org) e vos animeades a participar, xa que hai moitas maneiras de facelo.

Para máis info:

SECRETARÍA XERAL DO FORO 2010
Rúa do Valiño, 13-1º
15703 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 554 053 / 981 561 956
foro2010.org | paz@sgep.org

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Asistencia á presentación do borrador do *Plan Galego das Persoas Miores 2010-2013, Horizonte 2015*, o día 3 de maio en Santiago de Compostela.
- Reunión de colexiadas/os interesadas/os no ámbito de traballo de Saúde e Drogodependencias, para tratar sobre a normativa e situación xeral neste ámbito de traballo, coñecer a situación laboral das/os profesionais deste ámbito e a clarificar a posición do Ceesg ao respecto. Tivo lugar o día 6 de maio nas instalacións do Ceesg, en Santiago.
- Participación como relatoras do acto *Que supón a privatización dos Centros de Día?* organizado pola Plataforma en defensa do sistema público galego de servizos sociais o día 6 de maio en Culleredo.
- Asistencia á reunión do Subcomité organizador do Foro 2010, que tivo lugar o día 10 de maio en Santiago de Compostela.
- Entrevista concedida a Carolina Borges, sobre as accións emprendidas polo Ceesg en relación á incorporación de educadoras/es sociais no sistema educativo.
- Asistencia á presentación do borrador do *Anteproxecto de Lei de Apoio á Familia e á Convivencia*, o día 19 de maio en Santiago de Compostela.
- Participación como relatoras da conferencia titulada *A configuração profesional dos educadores sociais na Galiza-España*, no marco do *VI Fórum Nacional de Educadores Sociais*, que tivo lugar en Leiria (Portugal) o día 15 de maio, organizado pola Asociación Portuguesa de Educadores Sociais.
- Reunión de Xunta de Goberno o día 21 de maio.
- Aprobación do *Regulamento dos Grupos de Traballo do Ceesg*.
- Participación como relatoras na *I Xornada Universitaria sobre o exercicio profesional do/a educador/a social*, presentando o Ceesg, que tivo lugar o día 27 de maio na Facultade de Ciencias de Educación (Campus de Ourense) da Universidade de Vigo, organizada polo alumnado da materia “Educación e animación sociolaboral” de 3º de Educación Social de dita Facultade.

ARTIGO DE INTERESE: VI Forum Nacional de Educadores Sociais, Portugal

O pasado 15 de maio de 2010, convidáronnos a participar deste forum as nosas colegas portuguesas/es e descubrimos que pouco coñecemos do que está a pasar no país veciño. Co nome “A configuración profesional dos educadores/as sociais na Galiza-Espanha” presentamos a historia da educación social no noso país e cómo se creou o Ceesg, cousa da que tomaron boa nota, pois están aínda no proceso de creación dun órgano colexiado, pois, a día de hoxe, Portugal conta cunha asociación profesional de educadoras e educadores sociais e ten unha curta traxectoria histórica.

Descubrimos que somos referentes para as nosas veciñas/os educadoras/es sociais, e revisan textos e páxinas web de Galiza e resto de España, sobre todo, Cataluña, que ten moito traballo recollido e publicado. Iso foi algo que nos gustou, porque ás veces parece que todo o que se fai non chega a ninguén, e con estas pequenas accións comprobamos que algo queda en alguén.

Descubrimos que teñen as mesmas inquiredanzas que nós, pois un tema de actualidade que tamén levaron ao foro foi “Precisamos de educadores sociais nas escolas portuguesas?” e quen defendeu esta charla, foi un representante da Federação Nacional de Educação, que

recoñeceu a necesidade e coherencia de compartir espazos escolares entre docentes e non docentes.

Descubrimos pois que a transversalidade é algo que se pon de manifesto na historia profesional das educadoras e educadores sociais portuguesas/es, que teñen unha vida laboral moi variada e que están a abrir nichos de mercado, ao igual que o estamos a facer nós tamén: educación social e centros educativos, na educación vial, na educación ambiental, na educación familiar, na mediación...

Descubrimos que tamén se preocupan pola perspectiva internacional da educación social, e convidaron para este acto á AIEJI, a asociación internacional da educación social, da cal o Ceesg, a través do CGCEES (Consejo General de Colegios Profesionales de Educadoras y Educadores Sociales), forma parte.

Descubrimos que podemos facer cousas xuntas/os e niso quedamos, en organizar algo para o ano que vén. Apúntaste?

socialeducators.com

aieji.net

Sorprendernos por algo é o primeiro paso da mente cara o descubrimento. (Louis Pasteur)

FORMACIÓN CONTINUA**MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA E INTEGRACIÓN DE INMIGRANTES EN GALICIA**

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela (Universidade de verán 2010)

Lugar: Casa da Cultura de Muros

Datas: do 26 ao 28 de xullo

Información, inscricións e contacto:

<http://lingsp.usc.es/cursos/mediacionlinguistica2010/>

MÁSTER EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**Online**

Organiza: Fundación de Estudos e Análises (FESAN) e Universidade Internacional de La Rioja

Datas: Comezo o 28 de xuño

Información e inscricións:

Fundación de Estudos e Análises (FESAN)

R/ Severino Riveiro Tomé 9 - 15702 Santiago de Compostela

Tel: 981522426 / www.fesan.org

DESCONTO DUN 10% PARA PERSOAS COLEXIADAS**NOVAS DOS BOLETÍNS****EMPREGO**

Concello de Vilaboa (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de Animador/a sociocultural. BOP 03/05/10

Concello de Brión (A Coruña): Oferta de emprego público. Unha praza de Animador/a cultural. DOG 10/05/10

Concello de Muxía (A Coruña): Oferta de emprego público. Unha praza de Técnico/a servizos sociais, unha praza de Técnico/a servizos á muller, unha praza de Encargado/a actividades culturais - medio ambiente. BOP 12/05/10

Concello de Vimianzo (A Coruña): Bases da convocatoria dun posto de Educador/a familiar e dun posto de Técnico/a de desenvolvemento rural. BOP 14/05/10

Concello de Redondela (Pontevedra): Anuncio das bases de convocatoria dunha praza de Educador/a social, unha praza de Técnico de xuventude/consumo/servizos e dúas prazas de Axentes de emprego e desenvolvemento local, publicadas no BOP de 25 de marzo de 2010. DOG 19/05/10

Concello de A Pontenova (Lugo): Oferta de emprego público. Un posto de Educador/a familiar. BOP 25/05/10

Concello de Culleredo (A Coruña): Bases e convocatoria de selección dun posto de Animador/a cultural e dun posto de Mediador/a social. Bases: BOP 13/05/10. Anuncio: BOE 27/05/10

Concello de Riveira (A Coruña): Bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/unha Dinamizador/a de museo. BOP 27/05/10

OUTROS

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego. DOG 03/05/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolucións polas que se convoca a concesión dos Premios Raíña Sofía 2010, de accesibilidade universal de municipios, de prevención da discapacidade e de promoción da inserción laboral de persoas con discapacidade. BOE 05/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases e se convocan subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. DOG 06/05/10

Consellería de Cultura e Turismo: Orde pola que se aproban as bases das axudas a asociacións e institucións culturais de ámbito territorial igual ou inferior ao provincial para actividades culturais. DOG 07/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases das axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove. DOG 07/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). DOG 07/05/10

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan subvencións para a realización de actividades dirixidas á educación de persoas adultas no marco da aprendizaxe ao longo da vida. BOE 11/05/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. DOG 11/05/10

Consellería de Sanidade: Orde pola que se convocan subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti VIH/sida. DOG 11/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio. DOG 12/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se convocan subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. DOG 12/05/10

Ministerio de Igualdade: Orde pola que se convocan as axudas á pequena e mediana empresa e outras entidades para a elaboración e implantación de plans de igualdade. BOE 12/05/10

Universidade da Coruña: Resolución pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Educación Social. DOG 13/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. DOG 14/05/10

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas e subvencións para a realización de actividades dirixidas á divulgación, promoción e defensa dos dereitos humanos. BOE 15/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo. DOG 18/05/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regulan as bases das axudas económicas para fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres. DOG 24/05/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se establecen as bases das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. DOG 24/05/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Orde pola que se aproban as bases de subvencións para microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos por ONGD. DOG 25/05/10

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan premios a materiais educativos en soporte electrónico, aptos para uso e difusión en Internet. DOG 26/05/10

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan os «Premios IRENE: a paz empeza na casa» para 2010. BOE 27/05/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolución pola que se convocan subvencións na área de atención a maiores. BOE 29/05/10

Deputación de Ourense: Bases reguladoras da segunda convocatoria do ano 2010 do concurso público para a concesión de bolsas internacionais da Deputación Provincial de Ourense no marco do Programa europeo Leonardo da Vinci. BOP 31/05/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións a pemes, para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. DOG 31/05/10